

Á vista do escrito de dona Carmen M<sup>a</sup> Pomar Tojo, Directora da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización dos Practicum das titulacións impartidas na Facultade de Psicoloxía, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que a Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Psicoloxía, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

#### **RESOLVE**

Autorizar a realización do Practicum do alumnado da Facultade de Psicoloxía nas instalacións da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

- 
- Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, no caso dos alumnos/as do Grao en Psicoloxía, sen poder superar o límite de 300 horas, que establece o plano de estudos para estes efectos (máximo 12 créditos).  
Aos alumnos da Licenciatura en Psicoloxía computaráselles un crédito por cada 30 horas de prácticas sen poder superar os límites que establece o plano de estudos para estes efectos (9 créditos)
- Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Psicoloxía de acordo coa Dirección da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas na Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar o Practicum serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Psicoloxía, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento dos Practicum dos alumnos. Así mesmo, a Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-a de prácticas da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.  
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Unidade de Atención Educativa en Altas Capacidades emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.  
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2012

O REITOR



José Casares Long

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE PSICOLOXÍA**  
**D<sup>a</sup>. CARMEN M<sup>a</sup> POMAR TOJO, DIRECTORA DA UNIDADE DE ATENCION EDUCATIVA EN**  
**ALTAS CAPACIDADES**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**